

# CÓNTAME UN CONTO DE MEDO

## BASES

### 1. PARTICIPACIÓN

Poderá participar o alumnado de EP matriculado nos CEIPP de Baño-Xanza e CEP Plurilingüe Xesús Ferro Couselo.

### 2. OBRAS

Deberán ser contos de medo, escritos en GALEGO, ser ORIXINAIS e INÉDITOS. Só se poderá presentar unha obra por neno/a.

### 3. CATEGORÍAS

Unha categoría para 1º, 2º e 3º cursos e outra para 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

### 4. PRESENTACIÓN

A presentación farase en tamaño A-4 e a extensión máxima será de 3 folios, poderá estar escrito a man, por unha cara e deberá ir asinado con pseudónimo. Presentarase en sobre pechado. No interior deste, noutro sobre grampado ao traballo, figurarán o nome e apelidos, curso e grupo do autor ou autora e un número de teléfono para poñernos en contacto en caso de resultar gañadores.

### 5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os traballo entregaranse na Biblioteca de Cordeiro, no Auditorio Municipal antes do 25 de outubro.

### 6. PREMIOS

Haberá un premio para cada categoría.

### 7. XURADO

O xurado estará integrado por membros do Equipo de Biblioteca.

### 8. DITAME

Farase público no taboleiro de anuncios do vestíbulo da Biblioteca e a través do facebook das Bibliotecas de Valga.

### 9. FINAL

A resolución do xurado será inapelable e este pode declarar deserto algún premio. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado.

